



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Era unha noite de chuvía e de frío
a qu'eu pasei no muíño do río.

Toda contenta empecei a cantar
pa non ter medo e a noite pasar.

¡Tun! ¡Tun!, petan á porta, saio a correr:
é Marquexiño que viña a moer.

Entrou para dentro, a porta zarrou,
un bo desengaño o probe levou.

Viña cun conto lovado dos demos,
cousas qu'as mozas moitas non queremos.

O pillo decía: “Eu quero moer;
no muíño do río hoxe tén que ser”.

“No meu muíño non moe ninguén;
Tódo-lo queren porque moe ben.”

“Que moie ben dirano os tolos;
pero polo visto non moi para todos.”

“E se ti queres pa mín moerá,
e se non queres xa che pesará.”

“E se me pesa i-hei de pousar;
pero por ti non hei de chamar.”

Pero Marquixo como é cara dura
veus'acercando e colleum'a cintura.

Eu teño un xenio...logho m'enfadei,
co aliviadoiro no lombo lle dei.

Boteino fóra e zarreille a porta,
porque pensei que lle daba unha volta.

Probe Marquixo, que mal lle saleu,
que levou na chepa e amais non moeu.